



III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Traballo e Benestar
Xefatura Territorial
Ourense

Servizo de Relacións Laborais
Convenio: comercio de alimentación
Expediente: 32/01/0002/2012
Data: 15/02/2012

Asunto: resolución de inscrición e publicación
Destinatario: Francisco Rodríguez García
Código de Convenio número 32000545011991

Unha vez visto o texto da acta da Comisión Paritaria do
Convenio colectivo de comercio de alimentación da provincia



de Ourense, suscrito o día 23 de xaneiro de 2012, dunha parte, polos/as designados/as pola parte empresarial, e doutra, en representación dos/as traballadores/as do sector, polos/as representantes designados/as polas centrais sindicais Unión Sindical Obreira (USO), Unión Xeral de Traballadores (UXT), Confederación Intersindical Galega (CIG) e Comisións Obreiras (CCOO) pola que se fixa a revisión salarial do sector para o ano 2012, e de conformidade co disposto no artigo 90 do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, Real decreto 713/2010 sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e as demais normas aplicables do dereito común, esta Xefatura Territorial acorda:

Primeiro.- Ordena-lo seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, con funcionamento telemático, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, do 18 de novembro de 2010) ó abeiro do disposto no Real decreto 713/2010, do 10 de xuño de 2011, e notificación ás representacións empresarial e social da Comisión Negociadora.

Segundo.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Ourense.

Asdo.: José Selas Souto

Acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de comercio de alimentación da provincia de Ourense

As 17.00 horas do día 23 de xaneiro de 2012, reúnen-se as persoas que a continuación se relacionan na sede da Confederación Empresarial de Ourense, situada na praza das Damas, n.º 1 para proceder á actualización das condicións económicas do Convenio colectivo de comercio alimentación da provincia de Ourense, para o seu segundo ano de vixencia.

Pola parte empresarial: José Carlos González Marquina, M.ª José Fernández Robledo, Manuel Domínguez de la Fuente e Rafael Souto Outeda. Pola parte social: por UXT: Concepción López Caride. Por CCOO: Manuel G. Cacheiro. Por CIG: Carlos Vázquez Castro. Por USO: Gerardo Román Iglesias.

Unha vez iniciada a reunión, a Comisión Paritaria adopta os seguintes acordos:

Actualiza-los conceptos económicos do convenio para o segundo ano de vixencia. Conforme as condicións pactadas no artigo 10 do texto, que establece literalmente que o incremento salarial será de 30 euros lineais para cada ano de vixencia, procédese á actualización dos referidos conceptos, resultando as seguintes cantidades:

Grupo; categorías; salario base; salario anual

I.A); Director; 1.099.86; 16.497,9

I.B); Xefe/a de administración, xefe/a de vendas, xefe/a de compras; 1.034.87; 15.523,05

I.C); Supervisor/a, coordinador/a xeral, xefe/a de centro; 969.85; 14.547,75

II.A); Xefe/a de almacén; xefe/a de supermercado; xefe/a de sección.; 917.89; 13.768,35

II.B); Analista, responsable de expedición, recepcionista.; 905.88; 13.588,2

II.C); Oficial administrativo/a, programador/a; 878.88; 13.183,2

III.A); Mecánico/a, electricista, oficial de 1ª chofer, operador/a informática, capataz, viaxante/a; 852.93; 12.793,95

III.B); Dependente, oficial de 2ª chofer, caixeiro/a reponedor/a, caixeiro/a dependente/a, caixeiro/a, auxiliar de gravación, auxiliar administrativo/a, axudante mecánico/a, axudante electricista, peón de mantemento, mozo/a especializado/a; 813.92; 12.208,8

III.C); Telefonista, mozo/a, oficial de 3ª, axudante, persoal de limpeza; 787.9; 11.818,5

Gratificación de actividade (artigo 20).

Tódolos traballadores/as percibirán en concepto de gratificación de actividade a cantidade de 55,17 euros, aplicándose a citada cantidade en 12 mensualidades.

Así mesmo, coa súa firma neste acto, autorizan como Comisión Paritaria, a María J. de Miguel Pérez, con DNI 34962616V, para que faga os trámites e xestións oportunas para o rexistro, depósito e publicación no Boletín Oficial da Provincia das táboas salariais para 2012 do Convenio colectivo de comercio da alimentación da provincia de Ourense.

De todo canto antecede dá fe esta acta, que é asinada polos presentes en proba de conformidade. Sen máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión, cando son as 17.30 horas no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola parte empresarial: José Carlos González Marquina, Rafael Souto Outeda, Manuel Domínguez de la Fuente, María J. Fernández Robledo

Pola parte social:

USO: Gerardo Román Iglesias. UXT: Concepción López Caride. CCOO: Manuel G. Cacheiro. CIG: Carlos Vázquez Castro.